

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE RENOVACIÓN E DE NOVA ADXUDICACIÓN PARA ESTUDOS DE MESTRADOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO 2016-2017

OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de renovación e nova adxudicación para a realización de estudos de mestrados universitarios oficiais na Universidade da Coruña, destinadas ao alumnado matriculado en mestrados universitarios oficiais no curso académico 2016/2017.

ORZAMENTO

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 100.000 euros cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco de Santander, dentro do convenio xeral entre ambas as entidades, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria. O pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 0300.422D.480.05.

CUANTÍA DA AXUDA

Bolsas de nova adxudicación: contemplan os prezos públicos de matrícula 60 créditos en primeira matrícula e mais un fixo de 450 €

Bolsas de renovación: contemplan os prezos públicos consonte ao número de créditos matriculados e mais un fixo de 7,5 € por crédito matriculado.

A concesión e o número das bolsas reguladas nesta convocatoria terá como límite global o crédito asignado no orzamento para tal fin.

PRESENTACIÓN E PRAZO DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende: <http://bolsas.udc.es>

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día da súa publicación até o 4 de novembro de 2016, ambos os dous incluídos.

INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DOS BOLSEIROS

Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas finanziadas con fondos públicos ou privados, así como con salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria do/da bolseiro/a, con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou coa realización de traballo remunerado.

Así mesmo serán incompatibles coas bolsas de formación complementaria propias da UDC.

Serán compatibles coas axudas destinadas a cubriren accións formativas no marco de programas de intercambio internacional.

Serán compatibles coas prácticas remuneradas sempre que estas se integren no plano de estudos do mestrado.

Os/as bolseiros/as están obligados a realizar as actividades previstas nos programas de formación correspondentes e cumpliren os obxectivos destes superando as probas correspondentes ás materias e créditos matriculados.

As bolsas concédense para o tempo completo. No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, o/a bolseiro/a deberá reintegrar as cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de demora que lle corresponden en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria.

Os bolseiros están obligados a comunicarlle á Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria a renuncia á bolsa tan pronto como se producir a causa que a determine. Todas as baixas que se produciren neste programa nos primeiros seis meses do seu inicio serán substituídas pola seguinte persoa solicitante que figure na listaxe de suplentes, se a houber.

O incumprimento por parte do/da bolseiro/a dalgunha das condicións recollidas nesta convocatoria e demás normas aplicables poderá constituir causa determinante de revogación da axuda e do reingreso total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puideren corresponder en cada caso.

A concesión dunha destas bolsas non establece relación contractual ou estatutaria coa Universidade da Coruña nin implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao seu cadro de persoal.

REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- Non ser ou ter sido beneficiarios destas axudas ou doutras homologadas (bolsas de mestrado da Xunta de Galicia ou do Ministerio de Educación) en anteriores convocatorias.
- Rematar os estudos universitarios oficiais de Grao con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 e ter rematados estes estudos no momento da resolución da convocatoria.
- Non estar en posesión dun título de mestrado universitario oficial.
- Contar cun expediente académico persoal na titulación, con nota media igual ou superior a 6,000 nas ramas de ciencias experimentais e da saúde, xurídicas e humanidades. Nas ramas de ensinanzas técnicas esta nota deberá ser igual ou superior a 5,000 puntos. Esta nota media calcularase aplicando o establecido na resolución do 15 de setembro de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DOG do 30 de setembro.
- Estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Ensino Superior que faculta no país expendedor do título para o acceso a ensinanzas de mestrado. Así mesmo, poderán acceder os/as titulados/as conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Ensino Superior sen necesidade de homologación dos seus títulos, tras a comprobación pola Universidade de que os/as solicitantes acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles e que facultan no país expendedor do título para o acceso a ensinanzas de mestrado.
Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexan os de cursar os estudos de mestrado.
- Os estudiantes estranxeiros non comunitarios, de conformidade coa Lei 14/2003 do 20 de novembro, deberán acreditar a condición de residentes, quedando excluídos de concorrer á presente convocatoria quen se atope en situación de estadía.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA AS BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN:

- Estar matriculado nun mínimo de 60 créditos nun mestrado universitario oficial impartido na Universidade da Coruña e ter aboadas as taxas correspondentes.
- As materias ou créditos recoñecidos, validados e adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento deste requisitos.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA AS BOLSAS DE RENOVACIÓN:

- Estar matriculado no curso académico 2015/2016 nun mestrado universitario que comprende dous cursos académicos.
- Ter sido adxudicatario dunha bolsa de nova adxudicación no curso 2015/2016.
- Ter superado os 60 créditos do primeiro curso.
- Estar matriculado no curso 2016/2017 de todos os créditos correspondentes ao segundo curso do mestrado.
- As materias ou créditos recoñecidos, validados ou adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos académicos .

SOLICITUDE PARA AS BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN

As persoas solicitantes deberá presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude, segundo o modelo que se xunta á convocatoria (impreso I).
- Fotocopia do DNI ou pasaporte ou documento equivalente no caso de cidadáns doutros países.
- No caso das persoas solicitantes que non cursaron estudos na Universidade da Coruña, no expediente deberá constar a certificación académica a escala de cualificacións que se fará de acordo coas táboas do Ministerio de Educación. No caso de non figurar na devandita páxina o país ou a escala, a comisión de selección á vista da certificación coa escala establecerá a media correspondente.

SOLICITUDE PARA AS BOLSAS DE RENOVACIÓN

- Impreso de solicitude segundo o modelo que se xunta á convocatoria (impreso II).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Adxudicaranse ás bolsas en función da media do expediente académico persoal do/da solicitante aproximada a catro decimais, ponderada pola media da titulación dos cursos 2012/2013, 2013/2014, 2014/2015. No caso daqueles/as alumnos/as que posúan unha titulación superior a que accederan desde unha diplomatura ou unha titulación técnica, a media da titulación dos últimos tres anos referirase á titulación con que o/a alumno/a accede ao mestrado.

No caso dos alumnos de fóra da UDC que posúan titulacións non implantadas nela, empregarase como media da titulación dos últimos tres anos a da titulación más afín segundo os criterios da Comisión de Selección.

En caso de empate, na nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra, de persistir o empate, o maior número de sobresaíntes.

A repartición das bolsas realizarase de forma proporcional ás solicitudes admitidas nas cinco áreas seguintes: ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, ensinanzas técnicas e humanidades.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: D.^a Margarita Amor López, vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria

Secretaria: D.^a M^a Jesús Codesido López, xefa do Negociado de Atención e Promoción do Estudante

Vocal 1: D. Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Vocal 2: D.^a Teresa González Martínez, xefa do Servizo de Estudantes

Vocal 3: D. Alberto Franco Figueira (representante dos estudiantes)

RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Publicarase na páxina web da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo de **5 días hábiles** (que contan a partir do día seguinte á publicación) para presentar reclamacións que deberán remitir ao LERD (Pavillón de Estudantes – Campus de Elviña).

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

O/a bolseiro/a comprométese a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria mediante a presentación dos documentos que figuran a continuación, que deberá remitirlle ao LERD (Pavillón de Estudantes – Campus de Elviña) no prazo de **7 días**, que contan a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva:

- Aceptación ou renuncia da bolsa (impreso III)
- Declaración xurada conforme non ten concedidas outra bolsas ou axudas finanziadas con fondos públicos ou privados, así como salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do/da bolseiro/a, ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado (impreso IV).
- Anexo I (solicitud de pago por transferencia) debidamente cuberto, e co selo do Banco Santander.

LISTA DE AGARDA

No caso de se produciren renuncias antes do 30 de xuño de 2017 os chamamentos faranse atendendo á listaxe de suplentes do mesmo ámbito científico. De se esgotar a listaxe de suplentes do ámbito tecnolóxico, os chamamentos faranse pola listaxe de suplentes do ámbito de ciencias experimentais, e viceversa. De se esgotar a listaxe de suplentes do ámbito de humanidades, os chamamentos faríanse pola listaxe de suplentes do ámbito de ciencias sociais e xurídicas, e viceversa.

A listaxe das bolsas concedidas enviaráselle ao rexistro de bolsas desta universidade para os efectos de toma de razón.

PAGAMENTO

O aboamento do importe da bolsa farase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta aberta a nome do beneficiario da bolsa nunha oficina do banco Santander.

O pagamento destas bolsas farase en dous abonos: o primeiro do 25% unha vez resolta a convocatoria (**este ingreso quedará pendente no caso das persoas que tamén solicitaran a bolsa do MECD ata o momento en que opten por unha das dúas bolsas**); e o segundo, do 75% restante, farase efectivo ao rematar o curso, despois de que de o/a bolseiro/a presente a seguinte documentación (deberao facer antes do 10 de setembro de 2017):

- Declaración xurada do conxunto de bolsas concedidas (impreso V).

A Coruña, 14 de outubro 2016

O reitor

Julio Abalde Alonso



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IMPRESO I

BOLSAS DE MESTRADOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS

SOLICITUDE 2016/2017 –Nova adxudicación

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS _____ NOME _____

NIF _____

ENDERECO _____ LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____ CÓDIGO POSTAL _____

TEL. _____ CORREO ELECTRÓNICO _____

PROGRAMA DE MESTRADO _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do DNI
- Expediente académico no caso de proceder doutra universidade.

A Coruña, _____

Sinatura da persoa solicitante _____

LERD DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA- PAVILLÓN DE ESTUDANTES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IMPRESO II

BOLSAS DE MESTRADOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS

SOLICITUDE 2016/2017 –Renovación

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS _____ NOME _____

NIF _____

ENDEREZO _____ LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____ CÓDIGO POSTAL _____

TEL. _____ CORREO ELECTRÓNICO _____

PROGRAMA DE MESTRADO _____

A Coruña, _____

Sinatura da persoa solicitante _____

LERD DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA- PAVILLÓN DE ESTUDANTES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IMPRESO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ ENDEREZO _____

LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____

PROVINCIA _____ TELÉFONOS _____

CORREO ELECTRÓNICO _____

ACEPTO a bolsa

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Declaración xurada (impreso IV)
- Documento da entidade bancaria

RENUNCIO á bolsa polo motivo _____

A Coruña, _____

Asdo.: _____

LERD DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA- PAVILLÓN DE ESTUDANTES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IMPRESO IV

DECLARACIÓN XURADA

NOME E APELIDOS _____

DNI _____

Declaro baixo xuramento que non teño concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do/da bolseiro/a, ou calquera tipo de ingresos por prestar servizos profesionais ou por realizar traballo remunerado.

A Coruña, _____

Asdo.: _____

LERD DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA - PAVILLÓN DE ESTUDANTES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

IMPRESO V

DECLARACIÓN XURADA

NOME E APELIDOS _____

DNI _____

DECLARA:

Que é beneficiario/a das bolsas ou axudas que detalla a continuación:

A Coruña, _____

Asdo.:

LERD DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA- PAVILLÓN DE ESTUDANTES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña	SOLICITUDE DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA E MODIFICACIÓN DE DATOS PERSOAIS E/OU BANCARIOS ⁽¹⁾	
I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA ACREDORA		
NIF/NIE/CIF/PASAPORTE: ⁽²⁾	ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE) <input type="checkbox"/> Declaro estar dado/a de alta no modelo fiscal 030 (NIE) ⁽³⁾	
Nome e apelidos ou denominación social:		
Endereço fiscal:		
Municipio:	Provincia:	Código Postal:
Teléfono fixo:	Móbil:	Correo electrónico:
II. DATOS DO/A REPRESENTANTE		Nome e apelidos:
NIF: ⁽²⁾		
III. DECLARACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL		
<input type="checkbox"/> Declaro que a miña actividade empresarial está incluída na listaxe do artigo 95.6 do Regulamento do IRPF (retención do 1%) o cal se reflectirá na facturación que emita para a Universidade da Coruña.		
IV. BAIXA DE DATOS BANCARIOS		
Código IBAN: E S _____		
V. ALTA DE DATOS BANCARIOS		
Código IBAN: E S _____		
CONSTANCIA DA ENTIDADE FINANCEIRA⁽⁴⁾		
Certifico a existencia da conta que se referencia en "V. Alta de datos bancarios" aberta a nome da persoa titular que se reflicte en "I. Datos da persoa física ou xurídica acreadora".		
(SELO)	O/A apoderado/a (Sinatura), de de

- Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: [https://sede.udc.gal/services/validation](https://sede.udc.gal/services/documents/validation) CSV: LU3QCSH1ACHCK3RMK5N3UTS3
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad da Coruña. Fecha de creación: 14/10/2016 13:47:58 Página 11 de un total de 11 página(s).
- (1) Calquera modificación posterior destes datos deberá formalizarse mediante un novo impresu.
(2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.
(3) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.
(4) Esta constancia debe ser asinada polo banco ou caixa de aforros, ou achegar unha certificación en documento á parte do propio banco ou caixa.